



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |                   |          | 2020/21    |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|------------|
| Asignatura (*)        | Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral  |                    |                   | Código   | 652606E3I6 |
| Titulación            | 5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral  |                    |                   |          |            |
| Descritores           |   |                    |                   |          |            |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo              | Créditos |            |
| Mestrado Oficial      | Anual   | Primeiro           | Obrigatoria       | 2        |            |
| Idioma                | Galego  |                    |                   |          |            |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                   |          |            |
| Prerrequisitos        |   |                    |                   |          |            |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación  |                    |                   |          |            |
| Coordinación          | Arza Arza, Neves  | Correo electrónico | neves.arza@udc.es |          |            |
| Profesorado           | Arza Arza, Neves  | Correo electrónico | neves.arza@udc.es |          |            |
| Web                   |   |                    |                   |          |            |
| Descrición xeral      | Esta materia converxe coas materias do itinerario de FOL. Ten como finalidade a busca, selección e análise de investigación e de experiencias innovadoras na Formación Profesional, especialmente, na orientación profesional e nos módulos da especialidade de FOL.  |                    |                   |          |            |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Sen modificacións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas: sesión maxistral, aprendizaxe colaborativo, prácticas a través de TIC, análise documental, presentación oral e portafolio.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As modificacións fan referencia a súa virtualización a través de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>- Diariamente, a través do correo electrónico: para atender consultas e fixar titorías en TEAMS.</p> <p>- En moodle van dispor dun foro para consultas relacionadas coas tarefas encomendadas (diariamente).</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Sen cambios</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A presentación da tarefa grupal realizaríase en TEAMS.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se modifica, están accesibles na rede.</p> |                    |                   |          |            |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título  |
|--------|--|
| A25    | (CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.                                 |
| A26    | (CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |



|    |   |
|----|---|
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |

| Resultados da aprendizaxe   |              |                                     |                          |
|---|--------------|-------------------------------------|--------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   |              | Competencias / Resultados do título |                          |
| Buscar, seleccionar, analizar e presentar propostas docentes innovadoras nos módulos da especialidade de FOL  | AP25<br>AP26 |                                     | CM1<br>CM3<br>CM6<br>CM7 |
| Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional. | AP25<br>AP26 |                                     | CM6<br>CM7               |
| Analizar e valorar ámbitos de innovación e investigación no centro de prácticas   | AP25<br>AP26 |                                     | CM7                      |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Tema 1. A innovación nos módulos e materias da especialidade. | 1.1. Conceptos básicos de referencia<br>1.2. Ámbitos de innovación na Formación Profesional<br>1.3. Competencias transversais e Obxectivos do desenvolvemento sostible como ámbitos de innovación.<br>1.4. Experiencias innovadoras en Orientación profesional<br>1.5. Experiencias innovadoras no módulo de FOL e de Empresa e iniciativa emprendedora |
| TEma 2. A investigación no ámbito docente e orientador        | 2.1. Temáticas e metodoloxía<br>2.2. Estudos de inserción laboral<br>2.3. Estudos sobre orientación profesional   |

| Planificación                 |                           |   |                         |              |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A25 A26 C3 C6 C7          | 4                                       | 18                      | 22           |
| Presentación oral             | A25 C1 C3 C6              | 3                                       | 2                       | 5            |
| Prácticas a través de TIC     | C3 C6 C7                  | 1                                       | 4                       | 5            |
| Portafolios do alumno         | A25 A26 C1 C6 C7          | 4                                       | 8                       | 12           |
| Sesión maxistral              | A25                       | 2                                       | 0                       | 2            |
| Atención personalizada        |                           | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
|              |            |



|                               |   |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | As fontes documentais obxecto de análise recollen experiencias innovadoras e pesquisas. Nos dous casos referidas a Formación Profesional, as materias ou módulos da especialidade e a outras etapas educativas, sempre e cando podan ser transferibles á especialidade. Previamente a súa análise, teñen que buscalas e seleccionalas.<br>As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portfolio grupal e teñen que difundirse entre o grupo clase a través dunha ferramenta dixital previamente seleccionada.   |
| Presentación oral             | As experiencias analizadas terán que ser presentadas na aula. Para isto dispoñen de 30 minutos e as persoas do grupo deberán de expor a experiencia analizada por outra compañeira/o.   |
| Prácticas a través de TIC     | As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na utilización dunha ferramenta dixital para compartir as experiencias analizadas e comentar e valorar as estudadas polo resto dos grupos.<br>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe é compartida coa materia de Inserción e orientación laboral. Con estas actividades o alumnado exercita competencias dixitais docentes de tres áreas:<br>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).<br>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais)<br>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais) |
| Portafolios do alumno         | As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portfolio grupal dixital. O portfolio ten unha parte individual (análise e valoración das experiencias e das fontes) e unha parte elaborada grupalmente sobre o concepto de innovación educativa.   |
| Sesión maxistral              | Coa lección maxistral preséntanse os principais eixos e ámbitos de innovación e investigación nos módulos e materias da especialidade e acótanse conceptos relacionados coa innovación educativa.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías          | Descrición  |
|-----------------------|---|
| Portafolios do alumno | A atención personalizada está vencellada principalmente a busca e selección de experiencias e a elaboración do portfolio. As titorías grupais serán presencialmente e a través de Teams. No caso de que se supriman as aulas, para cada grupo de traballa fixarase un calendario no horario de clase para a supervisión do portfolio. |

### Avaliación

| Metodoloxías              | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
|---------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Prácticas a través de TIC | C3 C6 C7                  | A creación do marcador social é grupal. Os criterios de avaliación son o número de recursos incorporados, as etiquetas utilizadas para a súa clasificación e o nivel de descrición e valoración dos recursos incorporados. O peso na cualificación é de 0,75 puntos.<br>A construción da contorna persoal de aprendizaxe é individual, o peso na cualificación é de 0,75 puntos.<br>Os criterios de avaliación e cualificación para cada unha das tarefas recóllense en sendas matrices de valoración que se presentan o primeiro día de clase. | 15            |



|                       |                  |  |    |
|-----------------------|------------------|--|----|
| Presentación oral     | A25 C1 C3 C6     | Todas as persoas do grupo expoñen as experiencias analizadas. A cualificación das presentacións vai ser outorgada polo alumnado a partir da valoración dos criterios recollidos nunha escala de valoración.  | 15 |
| Portafolios do alumno | A25 A26 C1 C6 C7 | <p>O portafolio ten unha parte individual e unha parte grupal, elaborada a partir dunha posta en común. A parte individual puntúa até 40 puntos e a grupal 30. Os criterios para a primeira son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Selección (variedade, relación coa FP e coas materias e funcións orientadoras do profesorado de FOL, transferibilidade e valoración das fontes utilizadas)</li><li>- Descrición das experiencias conforme os criterios previamente fixados.</li><li>- Valoración das experiencias e da súa transferibilidade.</li></ul> <p>Para a parte grupal os criterios son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Concepto de innovación, dimensións, concreción para a FP e as materias da especialidade e fontes utilizadas.</li><li>- Valoración conxunta das aprendizaxes adquiridas e das experiencias.</li><li>- Coñecemento e valoración das experiencias do resto dos grupos.</li><li>- Creación artefacto dixital para a difusión das experiencias, caracterización e valoración sintética das experiencias.</li></ul> | 70 |

## Observacións avaliación

**CUALIFICACION FINAL E REQUERIMENTOS PAR APROBARA** cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades, Para superar a materia é indispensable realizar as tres actividades e obter a metade da cualificación (35) no portafolio. **PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN** Unha das premisas é que o alumnado participe na avaliación, consensuando os criterios de cualificación e sendo axente de avaliación a través de procedementos de auto e coavaliación. Por esta razón, os criterios de cualificación poden ser modificados.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE

Na segunda oportunidade realizarán as actividades non superadas ou non realizadas.

### ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA

Para este alumnado rixe o mesmo sistema de avaliación, coa excepción de que as actividades realízanse individualmente.

### INTEGRIDADE ACADÉMICA

Ausencia de citación de fontes  
As citas e referencias a calquer tipo de documento deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición.

### Plaxio

O plaxio nas actividades de avaliación será motivo de suspenso. Así se recolle no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC : "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_I.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf)

## Fontes de información

